



## CONCELLO DE SANTIAGO

### Informe sobre os criterios de adxudicación availables mediante cifras ou porcentaxes dos distintos licitadores presentados ó procedemento de contratación do Servizo de deseño, producción, montaxe e realización do espectáculo nocturno das festas do Apóstolo 2012 no Concello de Santiago de Compostela

De conformidade co disposto na cláusula 10.3 a) do prego administrativo, aplicando a fórmula fixada para a ponderación das ofertas económicas, resultan as seguintes puntuacións:

- THEMÁTICA EVENTS, SL, que oferta un importe de 207.627'12 euros más IVE, como oferta máis económica das dúas admitidas, acada a puntuación máxima deste criterio, 51 PUNTOS.
- GENERAL DE PRODUCCIONES Y DISEÑO, SA, oferta un importe de 210.593'22 euros más IVE acadando, unha vez aplicada a fórmula fixada, unha puntuación de 49'57 PUNTOS.

Así, sumando as valoracións acadadas polos licitadores nos criterios non availables mediante cifras e as outorgadas respecto á oferta económica, resultan as seguintes puntuacións totais:

| LICITADOR                            | PUNTUACIÓN TOTAL |
|--------------------------------------|------------------|
| THEMÁTICA EVENTS, SL                 | 97 PUNTOS        |
| GENERAL DE PRODUCCIONES Y DISEÑO, SA | 98'57 PUNTOS     |

En vista do anterior, a xuízo de quen subscribe, a oferta máis vantaxosa das presentadas é a formulada por GENERAL DE PRODUCCIONES Y DISEÑO, SA cunha puntuación total de 98'57 puntos.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2012.



Asdo.: Montserrat Cillero Montes  
Concellería de Festas



## **INFORME TÉCNICO E ARTÍSTICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABIERTO, DO SERVIZO CULTURAL DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DO ESPECTÁCULO NOCTURNO DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2012 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

### **INTRODUCCIÓN.**

O obxecto do contrato comprende a realización do Servizo cultural de deseño, producción, montaxe e realización do espectáculo nocturno das festas do Apóstolo 2012 da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar na Praza do Obradoiro a noite do 24 de xullo e na escalinata do Campus Sur o día 31 de xullo.

Preséntanse para a súa valoración dúas propostas, realizadas polas seguintes empresas:

- 1.- Themática Events S.L.
- 2.- GPD-General de Producciones y Diseño

### **CRITERIOS DE VALORACIÓN.**


Faise un análise das propostas presentadas no sobre B de referencias técnicas, e seguindo os criterios de adxudicación números 2, 3, 4 e 5, valorados con un máximo de 49 puntos que se distribúen da seguinte maneira:

**Criterio nº 2. Idea.....30 puntos**

Na idea valórarse o desenrollo do guión que terá como fío argumental a Catedral, a relevancia do Camiño e a Peregrinación, o desenvolvemento da cidade arredor do feito apostólico, a importancia da tradición xacobea en Galicia e aspectos vivenciais relativos ao feito xacobeo, tanto desde o punto de vista material coma inmaterial. Aquí a proposta creativa do espectáculo da noite do 24 de xullo valorarase con un máximo de 20 puntos e a proposta creativa do espectáculo do día 31 de xullo con un máximo de 10 puntos.

**Criterio nº 3. Medios técnicos.....8 puntos**

Valorase o equipamento técnico (equipos de proxección, iluminación, son e demás infraestructuras técnicas, a súa ubicación na praza e/ou nos edificios que lles sirvan de apoio), a descripción dos artefactos pirotécnicos utilizados no espectáculo do día 24 na Praza do Obradoiro detallando o número, clase, peso, etc., e planos nos que se indique de forma precisa a súa ubicación. Asimesmo a descripción dos artefactos pirotécnicos utilizados en castelo a disparar no Campus Sur o día 31 de xullo, detallando o número, clase, peso, etc. A puntuación total de 8 puntos distribuirase do seguinte xeito: artefactos pirotécnicos do 24 de xullo, 4 puntos; artefactos castelo do día 31 de xullo, 3 puntos; e equipamento técnico de iluminación, proxección e son, 1 punto.



## CONCELLO DE SANTIAGO

- **Criterio nº 4. Adecuación ó ámbito.....7 puntos**  
Valórarse, dun xeito xenérico, no deseño do espectáculo se teña en conto o entorno que serve de soporte ao desenvolvemento do mesmo e demostre a debida sensibilidade e respecto con el:  
A determinación do uso de medidas correctoras que minimicen o impacto visual que na praza do Obradoiro producen os equipos técnicos de proxección, iluminación, luz e son, e os equipos e maquinaria auxiliar que poida ser necesaria para a montaxe ou realización dos espectáculos así coma a determinación das características dos elementos de valado, andamiaxe e delimitación das áreas de traballo e das zonas de público ou pasillos de circulación, que ademais de cumplir axeitadamente a súa función teñan unhas características estéticas acordes co entorno. As medidas correctoras de impacto visual valoraranse con un máximo de 4 puntos e as características do valado con un máximo de 3 puntos.
- **Criterio nº 5. Equipo técnico.....4 puntos**  
Valorase neste punto a cualificación técnica do equipo humano que leve a cabo o proxecto a súa capacitación para a montaxe de un espectáculo destas características. Detalle dos equipos técnicos a utilizar. Presentación dun croquis da colocación dos mesmos.

### ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PROPOSTAS.

#### 1.- Themática Events S.L.

##### - *Criterio nº 2. Idea.*

###### a. *Proposta creativa do espectáculo do dia 24.*

Esta proposta axústase ás temáticas propostas no prego do concurso, sendo o eixo de desenrollo “el camino que va de la Tradición a la Emoción a través de la Innovación”.


Artícúlase esta temática en cinco grandes secuencias: I. *Traslado*; II. *Un sepulcro en el bosque*; III. *Construcción*; IV. *O Camiño*; V. *Tradición e Futuro*.

Faise unha descripción pormenorizada de cómo irá transcurrindo o espectáculo, as imaxes que irán aparecendo e as sensacións que se pretenden lograr no público.

Resaltamos a representación e o encendido virtual na derradeira secuencia da fachada gótica que se transforma despois da queima na antiga fachada mudéjar.

Utilización da técnica de proxección 3D mapping cubrindo con proxección a altura da Catedral, o Pazo Arcebispal e o Museo.

A duración do espectáculo da noite do 24 de xullo é de 33 minutos e 44 segundos. Presentan unha temporización detallada do espectáculo do 24 de xullo sincronizando os efectos alumínicos, pirotecnia e música así coma unha descripción dos artefactos pirotécnicos a utilizar nos dous casos (24 e 31).



## CONCELLO DE SANTIAGO

Como novedade e mellora (sen cuantificar) Themática Events presenta a proposta dun *Evento 2.0*: creación dun portal web específico do evento con enlaces ás distintas redes sociais dinamizadas diariamente e a inclusión dun código QR que dirixa os usuarios a esa web. En definitiva, a potenciación das ferramentas de difusión que as novas tecnoloxías poñen ao noso alcance.

Puntuación ..... 18 puntos

*b. Proposta creativa do espectáculo do dia 31.*

O espectáculo pirotécnico do 31 de xullo ten unha duración de 16 minutos e 26 segundos.

Puntuación ..... 10 puntos

*- Criterio nº 3. Medios técnicos*

*a. Artefactos pirotécnicos día 24 de xullo:*

Preséntase un listado muy detallado dos elementos pirotécnicos detallando pesos, unidades, cores e os efectos alumínicos diferenciando entre os elementos que conforman os efectos na Catedral e os disparados desde San Martiño Pinario, donde se situarán os fogos de gran potencia e calibre, clases III e IV, os disparados desde as cuberta e terrazas da Catedral son artefactos catalogados nas clases III e VIII utilizados habitualmente en parques temáticos, a distancias cortas con respecto ao público.

O material utilizado entre a Catedral e San Martiño Pinario é:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Peso neto explosivo..... | 248,97 kg   |
| Mezcla pirotécnica ..... | 780,29 kg   |
| Masa reglamentada.....   | 1.019,34 kg |
| Total bruto.....         | 1.718,92 kg |

Puntuación ..... 3 puntos

*b. Artefactos castelo día 31 de xullo:*

Describense os elementos do castelo a disparar no Campus Sur así coma a descripción dos seus efectos, unidades e duración dos mesmos así coma o informe de pesos totais.


|                          |           |
|--------------------------|-----------|
| Peso neto explosivo..... | 169,14 kg |
| Mezcla pirotécnica ..... | 397,85 kg |
| Masa reglamentada.....   | 566,99 kg |
| Total bruto.....         | 967,97 kg |

Puntuación..... 3 puntos

*c. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son*

Os medios técnicos propostos considéranse axeitados para a proposta artística que se fai. Utilizase o mapping 3D como técnica de proxección.

Puntuación..... 1 punto



## CONCELLO DE SANTIAGO

### - Criterio nº 4. Adecuación ó ámbito

#### a. Medidas correctoras de impacto visual:

Themática Events propón cubrir os equipos e material instalados nos soportais de Raxoi con tea de arpilleira tensada, da mesma cor que a pedra.

Puntuación ..... 4 puntos

#### b. Características do valado

Para a delimitación das áreas de traballo e pasillos para a seguridade a proposta é o uso de vallas de ferro galvanizado de cor gris.

Puntuación ..... 3 puntos

### - Criterio nº 5. Equipo técnico

A proposta presenta un equipo humano con amplia experiencia, tanto da empresa que fai a proposta, Thematica, como da empresa pirotécnica, Pirotecnica Caballer, S.A.

Considerase importante que esta empresa conte, para a realización deste proxecto, coa colaboración de Javier Hermida Ruíz para a elaboración dos debuxos, e con especialistas en cuestións patrimoniais.

O equipo técnico adscrito ó proxecto considérase suficiente.

Puntuación ..... 4 puntos

Puntuación total da proposta de Thematica Events ..... 46 puntos

## 2.- GPD (General de Producciones y Diseño)

### - Criterio nº 2. Idea.

#### a. Proposta creativa do espectáculo do dia 24.

A proposta do espectáculo da noite do 24 chamado xenéricamente “12 siglos de buenos caminos” articulase en nove partes conducidas pola figura de un narrador, o ermitaño Paio, que descubriu o sepulcro do Apóstolo e que foi testemuña da primeira peregrinación e contaranos cómo as peregrinaxes e os peregrinos fóreronse estendendo polos camiños e polo mundo ao longo de doce séculos.

As nove secuencias son:

1. *La Catedral se despierta;* 2. *El Descubrimiento;* 3. *Los Caminos, Galicia y la consolidación de Santiago como una de las tres capitales del Cristianismo;* 4. *Devoción, esfuerzo y perdón. Los motivos del Peregrino;* 5. *Experiencia vital compartida;* 6. *La satisfacción de la llegada;* 7. *La Catedral y los símbolos de la tradición jacobea;* 8. *Quema virtual de la fachada gótica;* 9. *Pirotecnia y castillo de fuegos artificiales.*

Desde o punto de vista de dramaturxia e estrutura o espectáculo conta con catro partes: introducción audiovisual evolutiva, o audiovisual narrativo propriamente dito que combina o mapping e a imaxe real do actor que fai de ermitaño nun entorno 3D, a



recreación virtual da fachada gótica e a súa queima virtual e o castelo final de fogos artificiais, a explosión da pirotecnia.

A novidade no guión está protagonizada pola figura do narrador, integrada no espectáculo encarnada por un actor actuando como guía da trama por medio dunha gravación de estudio.

A duración do espectáculo multimedia da noite do 24 de xullo é de 30 minutos.

Puntuación ..... 20 puntos

*(Esta proposta creativa para a noite do 24 parécenos moi axeitada, moi engarzada con respecto ao espectáculo nocturno do ano pasado e en consonancia coas expectativas do público despois do éxito obtido na pasada edición)*

*b. Proposta creativa do espectáculo do dia 31.*

A duración do espectáculo pirotécnico da noite do 31 de xullo é de 20 minutos 53 segundos

Puntuación ..... 10 puntos

**- Criterio nº 3. Medios técnicos**

*a. Artefactos pirotécnicos do día 24 de xullo:*

Ofrécese un resumo técnico de tódolos elementos que serán disparados desde a Catedral e desde a hora de San Martiño Pinario así como o plano da súa ubicación resaltando en todo momento que tódolos elementos irán montados sobre kits de seguridade para non ter que ser apoiados na pedra en ningún dos casos.

O material utilizado entre a Catedral e San Martiño Pinario é:

|                          |          |
|--------------------------|----------|
| Peso neto explosivo..... | 176 kg   |
| Mezcla pirotécnica ..... | 911 kg   |
| Masa reglamentada.....   | 1.045 kg |
| Total bruto.....         | 2.238 kg |

Puntuación ..... 4 puntos

*(Consideramos que para darlle más relevancia ao evento do día 24 debemos de ter en conta o feito de que a carga pirotécnica presentada por GPD sexa maior que a presentada por Themática Events, aínda que esta utilice unhas kilogramos máis para a noite do 31)*

*b. Artefactos pirotécnicos do día 31 de xullo:*

Aparece unha descripción detallada dos artefactos a utilizar así coma a fotografía dos seus efectos.

A cantidade de material pirotécnico a disparar é o seguinte:

|                          |        |
|--------------------------|--------|
| Peso neto explosivo..... | 94 kg  |
| Mezcla pirotécnica ..... | 332 kg |
| Masa reglamentada.....   | 426 kg |
| Total bruto.....         | 934 kg |

Puntuación ..... 3 puntos



*c. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son*

Os medios formados polos equipos de proxección, luz e son están descritos con especificacións técnicas e considéranse axeitados para o evento. Utilizase o mapping 3D como técnica de proxección.

Puntuación..... 1 punto

**- Criterio nº 4. Adecuación ó ámbito**

*a. Medidas correctoras de impacto visual*

Na proposta plantéxase a utilización dunha lona impresa simulando a pedra da Catedral soportada por unha estructura metálica que ocultará os equipos instalados.

Os equipos de proxección que se colocarán entre as columnas do pazo de Raxoi tamén serán ocultados co mesmo sistema de lonas impresas.

Puntuación..... 4 puntos

*b. Características do valado*

Na Praza do Obradoiro utilizarase un valado baixo, metálico, galvanizado e en perfecto estado, non de obra.

Puntuación..... 3 puntos

**- Criterio nº 5. Equipo técnico**

É salientable que se conte con RICASA para a execución da parte pirotécnica: esta empresa foi a encargada da realización do espectáculo dos Fogos do Apóstolo no ano pasado, na que puxo de manifesto o bo facer e a súa profesionalidade.

Esta empresa conta tamén con unha arquitecto responsable de Patrimonio e respecto ao entorno no desenvolvemento do proxecto.

O equipo técnico adscrito ó proxecto considérase suficiente.

Puntuación..... 4 puntos

**Puntuación total da proposta de GPD, S.A. ..... 49 puntos**



## RESUMEN DE VALORACIONES

As puntuacións totais asignadas son:

| REFERENCIAS TÉCNICAS (0-49)   | THEMÁTICA<br>EVENTS | GPD, S.A    |
|---|---------------------|-------------|
| <b>Criterio nº 2. IDEA (0-30 puntos)</b><br>- Proposta creativa dia 24 (0-20)<br>- Proposta creativa dia 31 (0-10)  | 18<br>10            | 20<br>10    |
| <b>Criterio nº 3. MEDIOS TECNICOS (0-8 puntos)</b><br>- Artefactos pirotécnicos dia 24 (0-4)<br>- Artefactos castelos día 31 (0-3)<br>- Equipamiento técnico de iluminación, proxección e son (0-1) | 3<br>3<br>1         | 4<br>3<br>1 |
| <b>Criterio nº 4. ADECUACIÓN Ó AMBITO (0-7)</b><br>- Medidas correctoras de impacto visual (0-4)<br>- Características do vallado (0-3)  | 4<br>3              | 4<br>3      |
| <b>Criterio nº 5. EQUIPO TECNICO (0-4)</b><br>- Equipo técnico adscrito (0-4)   | 4                   | 4           |
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>   | <b>46</b>           | <b>49</b>   |

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2012

Mª Montserrat Cillero Montes  
Concellaría de Festas

Ramón Fernández Hermida  
Consorcio da Cidade de Santiago